

CATÁLOGO

COMERCIO DE PRODUTOS ARTESÁNS

EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

ANO DE EDICIÓN

2021

COMERCIO DE PRODUTOS ARTESÁNS

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

ÍNDICE

- PAX. 07 1. Introducción

- PAX. 08 Antecedentes. Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia
- PAX. 08 Catálogos
- PAX. 09 Definición do sector de actividade. Artesanía alimentaria e non alimentaria

- PAX. 13 2. Trámites necesarios para iniciar a actividade
- PAX. 16 Trámites preliminares
- PAX. 28 Tramitación municipal
- PAX. 38 Outros trámites e actuacións

- PAX. 47 3. Artesanía non alimentaria

1. INTRODUCCIÓN

ANTECEDENTES

A LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

A Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia**.

Esta lei ten por obxecto establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de simplificación **administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lle **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á **creación dunha serie de catálogos, por sectores de actividade**, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificábase que, **a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta "aos catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exhibibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento"**.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación de cara ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

DEFINICIÓN DO SECTOR DE ACTIVIDADE: ARTESANÍA ALIMENTARIA E NON ALIMENTARIA

Baseándose no indicado no texto da lei, cada un dos catálogos estará dedicado en exclusiva a un **sector de actividade** en concreto.

Así, este catálogo está dirixido á descrición dos trámites administrativos necesarios para iniciar unha **actividade artesanal**, aínda que non se recollen os aspectos relativos á constitución e posta en marcha da empresa nin os vencellados á contratación de persoal e á actividade ordinaria (tributación, Seguridade Social...), tampouco se recollen os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

Nun contexto económico de producións en serie e estandarizada, teñen cada vez máis valor as actividades que implican un minucioso proceso de creación manual, personalizado e diferenciado onde se mestura a tradición coa innovación e o saber facer co deseño e a calidade. A artesanía é unha actividade fundamentalmente ligada ao talento e ás persoas que se vencella tamén ao territorio

Dentro do ámbito da artesanía, pode realizarse unha clasificación en función do seu carácter alimentario ou non.

O artigo 23 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria, define a **artesanía alimentaria** como a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, cumprindo os requisitos que establece a normativa vixente, está suxeita a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que, ademais de ser respectuosa co ambiente, lles garantirá ás persoas consumidoras un produto final individualizado, seguro desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciais, obtido grazas ás pequenas producións controladas pola intervención persoal da artesá ou artesán.

A normativa de desenvolvemento, configurada polo Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, establece no anexo I unha relación das actividades artesanais alimentarias estruturándoas en 16 grupos:

ACTIVIDADES ARTESANAIS ALIMENTARIAS

GRUPO 1	Elaboración de derivados lácteos
GRUPO 2	Elaboración de derivados cárnicos
GRUPO 3	Elaboración de derivados da pesca, da acuicultura e do marisqueo
GRUPO 4	Elaboración de viño e produtos vitivinícolas

GRUPO 5	Elaboración de licores, augardentes e outras bebidas espirituosas
GRUPO 6	Elaboración de sidra e vinagre de sidra
GRUPO 7	Elaboración de cervexa
GRUPO 8	Elaboración de conservas vexetais, zumes e marmeladas
GRUPO 9	Elaboración doutros produtos transformados de orixe vexetal
GRUPO 10	Manipulación e elaboración de mel, produtos apícolas e produtos elaborados con mel
GRUPO 11	Elaboración de produtos de panadaría, confeitaría, pastelería e de pastas alimenticias
GRUPO 12	Elaboración de fariñas
GRUPO 13	Elaboración de chocolates e derivados do cacao
GRUPO 14	Manipulación de produtos vexetais para infusión de uso en alimentación e como condimento de uso en alimentación
GRUPO 15	Elaboración de aceite de oliva
GRUPO 16	Elaboración de conservas e derivados da helicultura

Polo que respecta á **artesanía non alimentaria**, o artigo 2 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, define a actividade artesanal como toda actividade económica que supoña a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servizos, sempre que estes se realicen ou obteñan mediante procesos en que a intervención persoal constitúe un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial.

O anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía, revisado polas ordes do 31 de marzo de 2009, 2 de xuño de 2014 e 12 de abril de 2017, establece a relación de actividades artesás estruturándoas por divisións en función da súa Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

DIVISIÓN 13	Industria téxtil (tecidos, centón, decoración de teas, encaixes, calceta, bordados, redeiras)
--------------------	---

DIVISIÓN 14	Confección e roupa de vestir (xastre/a, modista/o, traxes tradicionais populares, peletaría, sombreiraría...)
DIVISIÓN 15	Industria do coiro e do calzado (curtidos, albardaría e talabartaría, zoqueiro(a), marroquinaría, zapataría)
DIVISIÓN 16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles, cestería e espartaría (tornaría, carpintaría, tonelaría, talla, marquetaría, imaxinaria, cestería, labores de palla)
DIVISIÓN 17	Industria do papel
DIVISIÓN 18	Artes gráficas e servizos relacionados con elas (encadernación, serigrafía, gravados)
DIVISIÓN 20	Industria química (pirotecnia)
DIVISIÓN 23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos (vidreiro/a, vitalista, cerámica, olaría, cantaría, talla de pedra ou mármore)
DIVISIÓN 24	Metalurxia (fundición, campaneiro)
DIVISIÓN 25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamentos (forxa e ferraría, latoaría, esmaltes, metalistaría, cerrallaría, caldeiraría)
DIVISIÓN 26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos (construción e reparación de reloxos)
DIVISIÓN 30	Fabricación doutro material de transporte
DIVISIÓN 31	Fabricación de mobles (tapizaría, ebanistaría, dourador/a)
DIVISIÓN 32	Outras industrias manufactureiras (prataría, xoiaría, ourivaría, talla de pedras preciosas e semipreciosas, talla de acibeche, talla de coral, marfil, bixutaría, luthier, persoa produtora de artigos deportivos, fabricante de xoguetes, modelista ou maquetista, miniaturista, taxidermista, paraugueiro/a ou bastoeiro/a, persoa produtora de perrucas e postizos, ceraría, figuras de pan tradicionais)
DIVISIÓN 43	Actividades de construción especializada (mosaicos, pinturas decorativas)
DIVISIÓN 47	Comercio polo miúdo (arranxos florais)
DIVISIÓN 74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas (fotografía, escaparatismo, rotulación, complementos de moda)
DIVISIÓN 90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos (escultura, debuxo, restauración, escenografía e cartelismo, pirogravado, cartón pedra)
DIVISIÓN 96	Outros servizos persoais (afiador)

A actividade artesanal engloba así un conxunto heteroxéneo de actividades que contan co denominador común da importancia da intervención persoal na elaboración do produto final e o carácter exclusivo, diferenciado e personalizado deste.

A posta en marcha destas actividades requirirá de diferentes trámites en función de cada suposto en concreto, polo que, aínda que neste catálogo se recollen as máis comúns, aconséllase solicitar a pertinente información na correspondente entidade.

Con independencia do anterior, de querer empregar o adxectivo artesanal ou a marca Artesanía de Galicia, será preciso solicitar a correspondente inscrición nos rexistros establecidos, realizando os trámites que se indican na última parte desta guía.

2. TRÁMITES NECESARIOS ANTES DE INICIAR A ACTIVIDADE

Os trámites necesarios para a posta en marcha dunha actividade artesanal van variar en función de se implica unha actividade alimentaria ou non. Porén, os trámites preliminares e a tramitación municipal teñen aspectos coincidentes, polo que se enuncian dunha maneira conxunta.

INFORMACIÓN PREVIA

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora para a implantación dunha actividade artesanal é comprobar o réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación na que pretende a implantación da dita actividade.

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: "Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder de 2 meses dende a presentación da solicitude no rexistro municipal."

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes esixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, aos efectos de determinar a viabilidade urbanística da actuación.

RÉXIME XURÍDICO XERAL DO SOLO RÚSTICO

O artigo 35.1.ñ) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 50.1.ñ) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, contempla entre os usos admisibles no solo rústico as construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural (artigo 53 Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

A implantación das ditas actividades resulta admisible no solo rústico previa obtención da autorización autonómica urbanística (artigo 56 e seguintes Decreto 143/2016, do 22 de setembro) e do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección deberán solicitarse a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

RÉXIME ESPECÍFICO NAS EDIFICACIÓNS TRADICIONAIS EXISTENTES NO SOLO RÚSTICO E NO SOLO DE NÚCLEO RURAL

O artigo 40 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, permiten implantar actividades artesanais nas edificacións tradicionais existentes en

calquera categoría de solo de núcleo rural ou de solo rústico antes do 25 de maio do 1975 (entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana).

En canto ás obras posibles, permitirase, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional, debendo obterse o preceptivo título habilitante municipal de natureza urbanística.

En todo caso, no solo rústico de especial protección, será preciso obter a autorización ou o informe sectorial favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

RÉXIME ESPECÍFICO NAS EDIFICACIÓNS EXECUTADAS NO SOLO RÚSTICO CON LICENZA URBANÍSTICA

A disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, permite implantar **actividades artesanais nas construcións executadas no solo rústico ao abeiro da licenza** urbanística, e poderán executarse previa licenza municipal, obras de mellora e reforma e de ampliación da superficie edificada licitamente, cumprindo os seguintes requisitos:

1. Cando se trate de terreos incluídos no solo rústico de especial protección, deberá obterse a **autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial** correspondente, segundo o indicado no número 2 deste documento.
2. Deberán **cumprirse as condicións de edificación** previstas no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 febreiro, e no correspondente planeamento urbanístico.
3. Deberán adoptarse as **medidas correctoras necesarias** para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe.

INFORMES OU AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultarse por calquera interesado no Plan Básico Autonómico de Galicia, que constitúe una ferramenta dinámica que resulta indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante dende o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa Comunidade Autónoma (coa referencia catastral ou emprazamento concreto).

O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón: <http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

En todo caso, sinálanse a continuación as autorizacións ou informes sectoriais máis habituais:

TRÁMITES PRELIMINARES

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora dunha actividade artesanal é solicitar todas aquelas **autorizacións e informes sectoriais** que sexan preceptivos en función da localización e da actividade concreta que se vai realizar.

A continuación relaciónanse dun xeito exemplificativo os que se consideran máis frecuentes, sen que sexa unha relación exhaustiva nin se exima en ningún caso da obriga da persoa promotora de solicitar todos os legalmente exigibles en función do caso concreto e das afeccións da implantación empresarial:

ESTABLECEMENTOS ARTESANAIS LOCALIZADOS EN BENS DE INTERESE CULTURAL OU CATALOGADOS OU NAS RUTAS DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO:

Autorizacións/Informes sectoriais preceptivos: Patrimonio Cultural de Galicia

ÓRGANO RESPONSABLE		Consellería competente en materia de patrimonio cultural. Camiño de Santiago - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Resto dos casos: xefaturas territoriais.
DESCRIPCIÓN		<ul style="list-style-type: none">As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, na súa contorna de protección ou na zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións establecidas normativamente.As rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO terán a consideración de bens de interese cultural. O resto das rutas dos Camiños de Santiago terán a consideración de bens catalogados, coa categoría de territorios históricos, sen prexuízo de que se solicite a súa declaración como ben de interese cultural.A obtención das autorizacións precisas non altera a obrigatoriedade de obter licenza municipal nin as demais licenzas ou autorizacións necesarias.
DOCUMENTACIÓN		Proxecto básico e de execución ou memoria descritiva segundo os casos.
OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PAZOS	3 meses	Para a emisión do informe ¹ .
TRÁMITE EN LIÑA	Si	PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.
PRESENCIAL	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (cap. III e IV do título II - Réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia) (título VI - Camiños de Santiago).Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (art. 24).

1 / Artigo 24 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

AU113A /AU113C Autorizacións/Informes sectoriais
preceptivos: Augas de Galicia

ÓRGANO RESPONSABLE		Augas de Galicia - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
DESCRICIÓN		<p>No caso de actuacións na zona de dominio público hidráulico (leito do río), ou na chamada zona de policía (100 metros de ancho medidos horizontalmente a partir do leito), a persoa promotora deberá:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Solicitar da Xunta de Galicia a correspondente autorización se desexa realizar algunha obra ou instalación (procedemento AU113A). A autorización está suxeita ao pagamento dun canon de ocupación. • Presentar unha declaración responsable previa á realización de actuacións menores de conservación e mantemento a través do procedemento AU113C.
DOCUMENTACIÓN		<p>A indicada en cada un dos procedementos.</p> <p>No caso de AU113A:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Solicitude debidamente cuberta. • Proxecto (no que se incluírá a memoria explicativa das obras ou traballos: planos de situación, de planta das obras ou traballos, perfís transversais indicando as distancias aos leitos). • Estudo sobre a avaliación dos efectos para o medio ambiente, a salubridade e os recursos pesqueiros (nos supostos de alteracións sensibles do relevo natural do terreo). • Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude. <p>No caso do AU113C:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formulario normalizado debidamente cuberto. • Documentación que acredite a representación do comparecente, de ser o caso. • Xustificante do pagamento da taxa por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía (código 31.30.21). • Calquera outra que se considere necesaria para acreditar o carácter menor da actuación.
OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS	3 meses	Para a emisión do informe ² .
TRÁMITE EN LIÑA	Si	<p>AU113A - Autorización de obras ou traballos no dominio público hidráulico ou zona de policía de leitos.</p> <p>AU113C - Actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía.</p>
PRESENCIAL	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. • Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (art. 24). • Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.
- Orde do 18 de febreiro de 2020 pola que se aproba o modelo de declaración responsable para realización de actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e zona de policía (código de procedemento AU113C).

ESTABLECEMENTOS ARTESANAIS LOCALIZADOS NA ZONA DE SERVIDUME DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

No caso da implantación da actividade artesanal na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, precisarase a **autorización sectorial autonómica en materia de costas**:

MT701A - Autorización de obras e actuacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre

ÓRGANO RESPONSABLE

Consellería responsable en materia de costas (Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

DESCRIPCIÓN

- Requirirán autorización autonómica sectorial en materia de costas as obras, instalacións e actividades promovidas por persoas físicas e xurídicas distintas da propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades do sector público autonómico que, con carácter ordinario, constitúen usos permitidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre segundo a lexislación estatal de costas.
- Os usos e actuacións referidos deberán ser conformes co plan urbanístico e co réxime xurídico que, segundo o tipo de solo en que se desenvolvan, se establece na lexislación urbanística e na normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación.

DOCUMENTACIÓN

1. As persoas interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:
 - a) Referencia catastral da parcela obxecto da obra, instalación ou actividade solicitada.
 - b) Certificación municipal de cualificación urbanística do solo.
 - c) Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.
 - d) Plano de deslinde definitivo ou, se é o caso, plano de definición provisional da liña de deslinde a escala 1/1.000, efectuado ou autenticado polo órgano correspondente da Administración do Estado, no cal deberá figurar representada a localización e a ocupación exacta da actuación solicitada.
 - e) Información fotográfica na cal se incluírán fotografías da contorna.
 - f) Xustificante de pagamento da taxa correspondente.
2. Para o caso de obras maiores, deberá achegarse, ademais da sinalada no número 1 anterior, a seguinte documentación:
 - a) Proxecto básico das obras ou instalacións, suscrito por persoal técnico competente.
 - b) Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso, que deberá recoller as características da instalación e outros datos relevantes, tales como criterios básicos do proxecto, programa de execución dos traballos e, se é o caso, o sistema de evacuación de augas residuais.
 - c) Planos de situación a escala adecuada.
 - d) Plano topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1.000.

- e) Planos de alzados e seccións características.
 f) Planos de planta xeral, con representación do deslinde, límite interior da ribeira do mar, servidume de tránsito e de protección.
3. Para o caso de obras menores, deberá achegarse, ademais da sinalada no punto 1, a seguinte documentación:
 a) Memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e orzamento destas detallado por partidas.
 b) Planos de definición, incluíndo alzados e sección características.
 c) En caso de peche, bosquejo da obra, con indicación de medidas.
 d) Plano de perfil e topográfico da parcela, escala 1:500, estado previo e estado definitivo.
4. No caso de eventos ou instalacións temporais destinadas á celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas:
 a) Memoria descritiva do evento, das instalacións e duración máxima destas.
 b) Planos de definición en planta das actuacións, a escala mínima 1:5.000.

OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS	3 meses	Para a emisión do informe ³ .
TRÁMITE EN LIÑA	Si	MT701A - Autorización de obras e actuacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
PRESENCIAL	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (art. 51 e ss.).

ESTABLECEMENTOS ARTESANAIS LOCALIZADOS NA ZONA DE PROTECCIÓN DE ESTRADAS DE TITULARIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

No caso de que sexa necesaria a realización dalgunha intervención ou obras nun local existente para a implantación da actividade, nun ámbito afectado pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, deberá presentarse, antes da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, unha declaración responsable:

Declaración responsable por obras en servidume de protección de costas - Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

ÓRGANO RESPONSABLE	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo - Servizo Provincial de Urbanismo da Xefatura Territorial correspondente)
---------------------------	--

DESCRIPCIÓN

Execución de obras de reparación, mellora, consolidación e modernización, sempre que non impliquen aumento de volume, altura ni superficie das construcións existentes, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta da Lei de costas e na normativa de desenvolvemento:

- Obras e instalacións que lexitimamente ocupen a servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre con anterioridade a entrada en vigor da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e que resulten contrarias ao establecido en dita lei.
- Obras e instalacións que, como consecuencia de modificación, por calquera causa, da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, pasen a estar emprazadas na mesma, de conformidade co sinalado no artigo 44.5 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

CONTIDO

No modelo normalizado a persoa declarante, declara:

- Que as obras a executar son obras de reparación, mellora, consolidación ou modernización.
- Que non suporán un aumento de volume, altura nin superficie das construcións existentes.
- Que a obra supón mellora na eficiencia enerxética do inmovible, no seu caso, nos termos indicados na disposición transitoria cuarta da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- Que os mecanismos, sistemas, instalacións e equipamentos que se emprace supoñen aforro enerxético no consumo de auga, no seu caso.
- Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se aportan ou se que se declaran estar en posesión son certos.

Así mesmo, a persoa declarante manifestara estar en posesión da seguinte documentación:

- Documentación que acredite a propiedade ou dispoñibilidade sobre o inmovible no que se pretenda actuar, mediante calquera medio de proba válido en dereito.
- Proxecto técnico das obras cando sexa esixible, de acordo co establecido na normativa vixente, ou, de non ser esixible, memoria descritiva das obras con expresión das súas características, uso previsto, presuposto detallado e, no seu caso, planos de definición, incluíndo alzados e seccións características; no caso de obras de escasa entidades, bosquejo das mesmas.
- Certificados de eficiencia enerxética, no seu caso.
- Xustificación, no seu caso, de que os mecanismos, sistemas, instalacións e equipamentos empregados supoñen aforro enerxético efectivo no consumo de auga.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva autorización autonómica na realización das obras.

PRAZO

Deberá ser presenta con anterioridade á solicitude do título habilitante municipal de natureza urbanística e, en todo caso, no prazo de 1 mes antes do inicio das obras.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

PRESENCIAL

Si

Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

NORMATIVA

- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas.
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.
- Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume e protección do dominio público marítimo terrestre.

IF204A - Autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade, así como os cambios de uso, na zona de dominio público viario e/ou nas zonas de protección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto accesos.

ÓRGANO RESPONSABLE

Consellería competente en materia de estradas (Servizos Provinciais Axencia Galega de Infraestruturas - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade - Xunta de Galicia).

DESCRIPCIÓN

- Para a execución de obras, instalacións ou realizar calquera outra actividade, así como os cambios de uso, na zona de dominio público e/ou no resto das zonas de protección (zona de servidume ou zona de afección) dunha estrada de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, deberase obter a correspondente autorización previa a través do Servizo de Estradas da provincia que corresponda.
- O procedemento IF204A pode utilizarse para calquera solicitude de obra, instalación ou actividade, excepto para as relativas aos accesos, que se farán a través do formulario específico IF205D, e para as suxeitas a declaración responsable, que se realizarán a través do formulario específico IF321H.
- Ademais, con carácter previo á solicitude de autorización, as persoas interesadas poderán consultar co Servizo Provincial de Estradas correspondente sobre a viabilidade dunha actuación, así como obter información e orientación sobre os requisitos técnicos e xurídicos que as disposicións vixentes lle impoñan, a través do formulario específico IF205C.

DOCUMENTACIÓN

A indicada en cada un dos procedementos. No caso do IF204A:

- Solicitude debidamente cuberta.
- Poder de representación.
- Documentación acreditativa ou declaración responsable da propiedade sobre a que se pretende actuar ou sobre a súa dispoñibilidade, segundo o caso, de acordo co artigo 156.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio.
- Documentación acreditativa ou declaración responsable sobre o aproveitamento agrícola ou gandeiro, para o caso dos peches indicados no artigo 135.1 a) do Decreto 66/2016, do 26 de maio.
- Memoria explicativa cos planos, esquemas ou datos necesarios para localizar e definir a actuación que se pretende realizar.
- Proxecto ou separata deste no relativo á afección ao dominio público viario e ás súas zonas de protección cando sexa necesario, segundo o indicado no artigo 157 do Decreto 66/2016, do 26 de maio.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos descritos.

PRAZO

3 meses

Para a emisión do informe⁴.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

IF204A - Autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade, así como os cambios de uso, na zona de dominio público viario e/ou nas zonas de protección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto accesos.
 IF205D - Autorización de novo acceso, cambio de uso ou reordenación dun acceso existente na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
 IF321H - Declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións e peches situados na zona de servidume ou na zona de afección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
 IF205C - Consulta previa de viabilidade dunha autorización.

PRESENCIAL	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. • Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (art. 24).

Ademais do anterior, a realización de obras suporá a inscrición ou modificación nos rexistros das correspondentes instalacións con que poida contar o local; entre elas, as máis comúns:

INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS FRIGORÍFICAS

IN621A - Rexistro de instalacións frigoríficas.

ÓRGANO RESPONSABLE	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais - Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Xefatura territorial.
DESCRICIÓN	<p>A inscrición, modificación (ampliación ou substitución por equipamentos diferentes) ou traslado dunha instalación frigorífica requirirá a pertinente solicitude de rexistro por parte da persoa titular da instalación con carácter previo á posta en servizo da instalación.</p> <p>A modificación por equipamentos equivalentes ou o desmantelamento ou baixa implicará unha comunicación.</p> <p>As instalacións frigoríficas clasifícanse en función do risco potencial nas categorías seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Nivel 1. Instalacións formadas por un ou varios sistemas frigoríficos independentes entre si, cunha potencia eléctrica instalada nos compresores por cada sistema inferior ou igual a 30 kW, sempre que a suma total das potencias eléctricas instaladas nos compresores frigoríficos non exceda os 100 kW, ou por equipamentos compactos de calquera potencia, sempre que en ambos os casos utilicen refrixerantes de alta seguranza (L1) e que non refrixeren cámaras ou conxuntos de cámaras de atmosfera artificial de calquera volume • Nivel 2. Instalacións formadas por un ou varios sistemas frigoríficos independentes entre si, cunha potencia eléctrica instalada nos compresores superior a 30 kW nalgún dos sistemas, ou que a suma total das potencias eléctricas instaladas nos compresores frigoríficos exceda os 100 kW, ou que arrefrién cámaras de atmosfera artificial, ou que utilicen refrixerantes de media e baixa seguranza (L2 e L3). <p>Este procedemento está suxeito ao pagamento dunha taxa.</p>
DOCUMENTACIÓN	<p>Para a inscrición dunha instalación de nivel 1:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Memoria técnica da instalación executada. • Certificado da instalación subscrita pola empresa frigorista e, de ser o caso, pola persoa directora da instalación. • Declaracións de conformidade dos equipamentos a presión e, de ser o caso, dos accesorios de seguridade ou presión (RD 769/1999, do 7 de maio, e RD 1495/1991, do 11 de outubro). • Certificado da instalación eléctrica.

Para a inscrición dunha instalación de nivel 2:

- Proxecto técnico da instalación executada.
- Certificado da instalación subscrito pola empresa frigorista e, se é o caso, pola persoa directora da instalación.
- Declaracións de conformidade dos equipamentos a presión e, de ser o caso, dos accesorios de seguridade ou presión (RD 769/1999, do 7 de maio, e RD 1495/1991, do 11 de outubro).
- Certificado da instalación eléctrica.
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente (instalacións de nivel 2 que utilicen refrixerantes de media ou baixa seguridade, L2 e L3).
- Contrato de mantemento da instalación frigorífica.
- Certificado técnico de dirección de obra.

OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS		Aberto todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN621A - Rexistro de instalacións frigoríficas. Pagamento das taxas: Oficina Virtual Tributaria. Tarifas vixentes de taxas.
PRESENCIAL	Non	Trámite en liña obrigatorio.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, polo que se aproban o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as instrucións técnicas complementarias.

INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE BAIXA TENSIÓN

IN614C- Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión

ÓRGANO RESPONSABLE	Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRICIÓN	<p>As instalacións eléctricas ás que lle sexa de aplicación o Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, antes da súa posta en servizo, deberán rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Consellería de Economía e Industria.</p> <p>Para iso, deberán depositar o certificado da instalación, emitido pola persoa instaladora autorizada, xunto co resto da documentación técnica e, se é o caso, o certificado de dirección de obra e o certificado de inspección inicial na xefatura territorial correspondente, recibindo o interesado as copias dilixenciadas necesarias para a constancia de cada interesado e para a solicitude de subministración de enerxía.</p> <p>Este procedemento está suxeito ao pagamento dunha taxa.</p>
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Solicitude (anexo I dispoñible en sede electrónica).• Proxecto e o certificado de dirección de obra asinado polo correspondente técnico/a titulado, no caso de que as características das instalacións se encontren comprendidas nas indicadas no punto terceiro da instrución técnica complementaria 04, Regulamento electrotécnico de baixa tensión (ITC-BT-04).

- Certificado de instalación emitido por persoa instaladora autorizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
- Anexo de información á persoa usuaria de trazado da instalación.
- Certificado de inspección inicial con cualificación de resultado favorable emitido por un organismo de control nos casos indicados no apartado 4 da ITC-BT-05.
- Esta documentación presentárase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.

OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS	Previo	
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN614C - Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión. Pagamento das taxas: Oficina Virtual Tributaria. Tarifas vixentes de taxas.
PRESENCIAL	Non	Trámite en liña obrigatorio.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS

IN 622B - Inscripción no Rexistro de instalacións térmicas en edificios

ÓRGANO RESPONSABLE	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais - Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRICIÓN	<p>Para a posta en servizo de instalacións térmicas, tanto de nova planta como de reforma das existentes, a que se refire o artigo 15.1 a) e b) do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, será necesario o rexistro do certificado da instalación no departamento territorial da Consellería de Economía e Industria correspondente.</p> <p>As instalacións térmicas a que se refire o artigo 15.1.c) deste regulamento non precisarán acreditar ante o departamento territorial da Consellería de Economía e Industria correspondente que cumpren o regulamento.</p> <p>Nos anexos desta guía do cidadán atópanse os impresos oficiais necesarios para o cumprimento do regulamento, entre eles as solicitudes do procedemento, pero tamén os modelos de memoria técnica e certificado de instalación e o modelo de certificado de mantemento, entre outros.</p> <p>Este procedemento está suxeito ao pagamento dunha taxa. A continuación móstrase a listaxe de taxas aplicables:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Inscripción en rexistros oficiais. Primeira inscrición. Modificacións da primeira inscrición (código taxa: 30.02.00). • Inscripción no rexistro de instalacións térmicas nos edificios (código taxa: 32.19.08).
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • As instalacións de potencia térmica maior de 70 kW deberán presentar os seguintes documentos unha vez finalizadas as obras de instalación e efectuadas as probas correspondentes: <ul style="list-style-type: none"> ... Solicitud de inscrición, segundo o anexo I desta orde. ... Proxecto da instalación.

- ... Certificado da instalación asinado pola persoa instaladora autorizada, selado pola empresa instaladora autorizada, asinado polo director ou directora da instalación, visado polo colexio oficial correspondente e acompañado das follas de resultados das probas realizadas segundo o artigo 22 do regulamento, conforme o anexo II desta orde.
 - ... No caso de que a instalación estea composta dun conxunto de instalacións térmicas, tantos certificados de instalacións individuais como xeradores térmicos existan, segundo o anexo V desta orde.
 - ... Certificado de inspección inicial coa cualificación de aceptable, cando sexa preceptivo.
 - ... Certificado da cheminea.
 - ... Contrato de mantemento con empresa mantedora autorizada.
- As instalacións de potencia térmica de entre 5 e 70 kW deberán presentar os documentos seguintes unha vez finalizadas as obras de instalación e efectuadas as probas correspondentes:
 - ... Solicitud de inscrición, segundo o anexo I desta orde.
 - ... Certificado da instalación asinado pola persoa instaladora autorizada, selado pola empresa instaladora autorizada e acompañado das follas de resultados das probas realizadas segundo o artigo 22 do regulamento, conforme o anexo II desta orde.
 - ... No caso de que a instalación estea composta dun conxunto de instalacións térmicas, tantos certificados de instalacións individuais como xeradores térmicos existan, segundo o anexo V desta orde.
 - ... Memoria técnica, segundo o anexo III desta orde.
 - ... Plano de situación.
 - ... Plano de planta con indicación da situación dos emisores e trazado das conducións.
 - ... Esquema de principio da instalación.
 - ... Anexos de cálculo.
 - Documentación para a dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda:
 - ... Orzamento desagregado da instalación.
 - ... Factura/s emitida/s pola persoa instaladora habilitada.
 - ... Xustificante/s de pagamento pola totalidade do custo da instalación.
 - ... No caso de que se efectúe o investimento por unha comunidade de propietarios, certificado, emitido pola representación legal, das achegas económicas correspondentes a cada comeneira ou comuneiro⁵.
 - Non serán obxecto de inscrición as instalacións de xeradores de calor de fogar aberto excepto no caso de que estean conectadas a redes de tubaxes e/ou a conduto, debendo cumprir o punto 6 da IT.1.3.4.1.1 do regulamento. No caso das instalacións de ventilación sen tratamento térmico, procederá a tramitación administrativa sempre que a súa potencia eléctrica nominal sexa superior 5 kW.

OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS		
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN622B - Inscrición/modificación no Rexistro de instalacións térmicas en edificios. Pagamento das taxas: Oficina Virtual Tributaria. Tarifas vixentes de taxas.
PRESENCIAL	Non	Trámite en liña obrigatorio.

5 / Esta información refírese á dedución na cota íntegra no IRPF prevista no artigo 5. Trece do Texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo. De igual xeito debemos facer mención á existencia dunha dedución na cota íntegra autonómica do IRPF por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivenda ou en vivendas unifamiliares regulada no artigo 5. Dezaioito do Texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo.

NORMATIVA

- Orde do 24 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.
- Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.

INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS

IN 620A - Inscripción no Rexistro de instalacións de seguridade contra incendios en establecementos industriais

ÓRGANO RESPONSABLE

Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

DESCRICIÓN

A posta en marcha dun establecemento industrial ou o seu traslado, cambio ou modificación de actividade. Tamén aqueles que amplíen ou realicen reformas que impliquen un aumento da superficie ocupada deben presentar un proxecto da instalación de protección contra incendios asinado por unha persoa técnica titulada competente e visado polo correspondente colexio.

Tamén afectará aos almacenamentos cando a súa carga de fogo total sexa igual ou superior a tres millóns de megajoules.

Quedan excluídos os obradoiros artesanais cuxa densidade de carga de fogo non supere os 10 Mcal/m² (42 MJ/m²) sempre que a súa superficie útil sexa inferior ou igual a 60 m², que poderán substituír o proxecto por unha memoria asinada por persoal técnico competente.

DOCUMENTACIÓN

- Instalacións que requiren a presentación do proxecto:
 - a) Solicitud normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - b) CIF/NIF da persoa titular da instalación.
 - c) Proxecto da instalación de PCI (específico ou extracto do proxecto do establecemento).
 - d) Certificado de dirección de obra asinado pola persoa técnica titulada competente.
 - e) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado por técnica ou técnico titulado competente.
- Instalacións que requiren a presentación dunha memoria técnica (establecementos industriais de risco intrínseco baixo e superficie útil inferior a 250 m²):
 - a) Solicitud normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - b) CIF/NIF do titular da instalación.
 - c) Memoria técnica da instalación de PCI asinada pola persoa técnica titulada competente (modelo dispoñible en sede electrónica).
 - d) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado por persoa técnica titulada competente.

OBRIGATORIO Si

PRAZOS Previo

TRÁMITE EN LIÑA Si

IN620A - Inscripción no Rexistro de instalacións de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

PRESENCIAL Non

NORMATIVA

- Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (BOE n.º 303, do 17 de decembro de 2004).

ESTABLECEMENTOS ARTESANAIS LOCALIZADOS EN SOLO RÚSTICO

No caso de que o establecemento artesanal que se pretenda instaurar estea situado en solo rústico, deberá solicitarse autorización autonómica de usos en solo rústico, previa á tramitación municipal, aínda que a solicitude se presentará no concello tal e como se indica na ficha que segue:

MT105B Autorización autonómica de usos en solo rústico, previa á obtención do título habilitante municipal

ÓRGANO RESPONSABLE

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Subdirección Xeral de Urbanismo.)

DESCRIPCIÓN

- I. Deberán ser obxecto de autorización autonómica as seguintes actividades:
- a) Que teñan por obxecto a elaboración de produtos mediante procesos ou técnicas manuais ou auxiliados por instrumentos mecánicos básicos, ou que supoñan unha continuación dos oficios tradicionais, incluídas as desenvoltas por empresas que teñan a condición de empresa artesanal alimentaria conforme ao establecido na normativa sectorial sobre calidade alimentaria.
 - b) Que se realicen en talleres individuais ou ben nos que desenvolven as súas funcións un número reducido de persoas, sen que en ningún caso poidan implicar unha actividade industrial.
- II. Por actividades complementarias de primeira transformación de produtos derivados do sector primario se entenden aquelas que sirvan de apoio ás explotacións agropecuarias ou forestais, as necesarias para realizar actividades de elaboración e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, así como os servizos complementarios de ditas actividades. Inclúese a transformación de produtos do sector primario, sempre e cando os mencionados produtos se orixinasen, principalmente, nunha ou varias unidades de explotación integradas baixo unha dirección empresarial común.
- III. Tanto as actividades artesanais sinaladas como as actividades complementarias de primeira transformación deberán desenvolverse en construcións de reducida dimensión, entendendo por tales aquelas que supoñan unha ocupación máxima de 800 metros cadrados. Despois de xustificación motivada, e sempre que a materia prima que se vaia transformar sexa un dos eixes de desenvolvemento local e que pola súa natureza sexa necesario localizala na súa contorna, poderá excederse tal dimensión, despois de informe favorable da consellería competente en materia de desenvolvemento rural.
- IV. Estas actividades deben gardar unha relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural de que se trate. Esta circunstancia será a que xustifique a localización da actividade que se vai desenvolver no solo rústico.
- V. A competencia para o outorgamento da autorización autonómica correspóndelle á persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo, e o procedemento axustarase ás seguintes regras:
- a) A persoa promotora deberá presentar a solicitude ante o concello acompañada da documentación que figura no Anexo I.
 - b) O concello someterá o expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio que deberá publicarse no taboleiro de anuncios do concello e nun dos xornais de maior difusión no municipio. O anuncio deberá indicar, como mínimo, a localización, o uso solicitado, a altura e ocupación da edificación pretendida e o lugar e horario de consulta da documentación completa.
 - c) Ademais, solicitaranse os informes ou autorizacións sectoriais preceptivos.

DESCRIPCIÓN		<p>d) Concluída a información pública, o concello remitirá o expediente completo tramitado ao órgano competente en materia de urbanismo. Transcorrido o prazo de dous meses sen que o concello remita o expediente completo, as persoas interesadas poderán solicitar a subrogación ao órgano competente en materia de urbanismo, que lle reclamará o expediente ao concello e proseguirá a tramitación ata a súa resolución.</p> <p>e) O órgano competente en materia de urbanismo poderá requirir do promotor ou promotora a documentación e información complementaria que considere necesaria ou ben a reparación das deficiencias da solicitude para adaptarse ao disposto na Lei 2/2016 e ao Decreto 143/2016, do 22 e setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve.</p> <p>f) O órgano competente en materia de urbanismo examinará a adecuación da solicitude á Lei 2/2016 e aos instrumentos de ordenación do territorio e resolverá no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, esta entenderase outorgada por silencio administrativo.</p>
DOCUMENTACIÓN	Si	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitude segundo o anexo I. • Expediente completo tramitado polo concello debidamente dilixenciado (incluíndo alegacións, informes ou autorizacións sectoriais e informes técnico e xurídico municipal. • Anteproxecto redactado por persoal técnico competente • Outra documentación.
OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS	3 meses	Para a emisión da autorización.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	MT105B Autorización autonómica de usos en solo rústico, previa á obtención do título habilitante municipal.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG n.º 34 do 19 de febreiro de 2016). • Decreto 143/2016, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG núm. 213 do 9 de novembro de 2016).

TRAMITACIÓN MUNICIPAL

Se non fosen necesarias as autorizacións sectoriais ou unha vez obtidas estas, iniciaranse os trámites municipais

Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello

No relativo aos trámites municipais que debe realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta é a necesidade de consultar, con carácter previo, as ordenanzas que fosen aprobadas polo concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, ás que deberán anexar todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lles requiren.

Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso

Resulta especialmente relevante neste intre **consultar as ordenanzas fiscais** do concello, coa finalidade de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, fosen obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

- Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBIGATORIO

Si

Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- [Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.](#)
- Ordenanzas fiscais do municipio.

Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

- O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.
- Son suxeitos pasivos deste imposto os donos ou donas da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios/as do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o 4 %.

- O municipio poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95 % da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.
- O municipio poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou o seu substituto.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

- Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO Si

Naqueles municipios en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- [Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.](#)
- Ordenanzas fiscais do municipio.

Con todo, a persoa promotora deberá proceder á consulta, para o seu coñecemento, dos elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade, que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmobles, entre outros.

Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade

O inicio da actividade artesanal precisará en moitos casos de obras que permitan a súa realización ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai desenvolver ás características propias da actividade. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no concello**, en función do acto de que se trate.

Solicitud de licenza municipal para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnica ou técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoal técnico competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Cómpre ampliar esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. No entanto, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos⁶.

OBRIGATORIO	Si	Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. • Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. • Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia. • Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

- Documento de formalización da cesión, se procede.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZOS

No caso das comunicacións previas urbanísticas a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para realizar o acto que constituía o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo⁷.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse que o promotor dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público⁸.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

⁷ / Artigo 54.5 da Ley 9/2021, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

⁸ / Cabe destacar, a necesidade, no seu caso, da tramitación do procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario, en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, cando resultase preciso, en función do proxecto concreto.

Cómpre reiterar que no suposto de que a actividade artesanal se emprace en solo rústico de especial protección, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Cando as actuacións a realizar afecten a bens materiais inmoables protexidos polo seu valor cultural e aos seus contornos de protección e áreas de amortecemento, debe obterse con carácter previo a autorización ou informe favorable da administración competente en materia de patrimonio cultural. Igualmente, no caso de que as intervencións afecten a bens inmateriais protexidos polo seu valor cultural débese informar á administración competente en materia de patrimonio cultural.

Asemade, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico⁹ que determina que a persoa promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscriba por persoa técnica competente, en que manifesta que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoal técnico competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta mentres a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Logo de rematar a obra, presentárase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación

9 / Artigo 24.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia; artigo 11.2 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos; e artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoal técnico competente, así como o certificado acústico cando proceda¹⁰.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE		Administración local.
DESCRICIÓN		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none">• Datos de identificación da persoa titular.• Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.• Certificado final de obra asinado por persoa técnica competente.• Certificado acústico (cando proceda). <p>Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>
OBRIGATORIO	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.• Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.• Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.• Ordenanzas municipais aplicables.

Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade nos casos en que non fose necesaria a realización de obras

Nos casos en que non fose necesario realizar obras para o inicio da actividade, tras efectuar os trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, a persoa promotora deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

¹⁰ / Artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

A instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, requiren a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:

- O exercicio de actividades e a apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.
- O exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, subscripta por persoal técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, cando cumpra.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é preciso realizar unha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

OBRIGATORIO

Si

No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso. En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que

a persoa interesada nela sinala expresamente, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Porén, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou establecemento ao que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Esta actuación de verificación será potestativa para o concello naqueles supostos en que a documentación achegada inclúa un **certificado de conformidade emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal**, sen prexuízo de que se poidan realizar en calquera momento, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, as actuacións de inspección e control da actividade ou do establecemento que sexan necesarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa que resulte de aplicación.

Certificados emitidos polas entidades de certificación de conformidade municipal

ÓRGANO RESPONSABLE

Entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom).

DESCRIPCIÓN

Son aquelas entidades de dereito privado que, despois de seren autorizadas pola Administración autonómica, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no eido municipal.

O contido dos certificados de conformidade non ten carácter vinculante para os servizos técnicos municipais nin para os órganos municipais con competencia na materia, e en ningún caso substituíra as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

OBRIGATORIO

Non

As persoas interesadas en presentar unha comunicación previa ou unha solicitude de licenza ante a Administración municipal poden dirixirse á entidade da súa elección, dentro das que estean habilitadas para desenvolver actuacións de certificación de conformidade municipal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de solicitar a realización da función de certificación de conformidade respecto da instalación, establecemento, actividade ou obra que vaia ser obxecto da comunicación previa ou da solicitude de licenza.

A relación entre as persoas que soliciten a realización da función de certificación de conformidade e as entidades de certificación de conformidade municipal estará suxeita ao dereito privado.

CONSULTA

Si

Rexistro de entidades de certificación de conformidade municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao concello, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.

Outros trámites e actuacións

Antes da posta en marcha da actividade ou das instalacións ou ben no momento do seu inicio, a persoa promotora deberá levar a cabo unha serie de trámites e actuacións asociadas ao subsector concreto en que se enmarque o novo negocio.

Dada a enorme casuística que pode producirse, resulta aconsellable realizar unha consulta sobre os trámites concretos da actividade que se vai realizar, xa que só se tiveron en conta neste catálogo aquelas que se consideraron como máis frecuentes ou relevantes.

Para expoñelas, establécese unha diferenciación entre artesanía alimentaria e non alimentaria.

ARTESANÍA ALIMENTARIA

Trámites de obrigado cumprimento:

INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL SANITARIO DE EMPRESAS ALIMENTARIAS E ALIMENTOS

As empresas artesanais de alimentación deberán inscribirse no Rexistro xeral sanitario nos supostos establecidos.

SA451A - Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos

ÓRGANO RESPONSABLE

Servizo de Seguridade Alimentaria - Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde - Dirección Xeral de Saúde Pública - Consellería de Sanidade.

DESCRICIÓN

Inscribiranse no Rexistro cada un dos establecementos das empresas alimentarias ou, no caso de que estas non teñan establecementos, as propias empresas, sempre que reúnan os seguintes requisitos:
a) Que a sede do establecemento ou a sede ou domicilio social da empresa que non teña establecemento estea en territorio español.

- b) Que a súa actividade teña por obxecto:
 1. Alimentos ou produtos alimenticios destinados ao consumo humano.
 2. Materiais e obxectos destinados a estar en contacto con alimentos.
 3. Coadxuvantes tecnolóxicos utilizados para a elaboración de alimentos.
- c) Que a súa actividade poida clasificarse nalgunha das seguintes categorías:
 1. Producción, transformación, elaboración e/ou envasado.
 2. Almacenamento e/ou distribución e/ou transporte.
 3. Importación de produtos procedentes de países non pertencentes á Unión Europea.

DOCUMENTACIÓN

- Solicitud debidamente cuberta (segundo o anexo I).
- Memoria técnica (segundo o anexo II).
- Xustificación do pagamento da taxa.
- Planos de situación.
- Planos das instalacións.
- Deseño das etiquetas.
- Recibo de subministración de auga.
- Recibo da recollida de lixo.
- NIF e comprobación de datos

OBRIGATORIO

Si

Nos supostos establecidos.

PRAZOS

3 meses

Prazo de resolución (sentido do silencio positivo).

TRÁMITE EN LIÑA

Si

SA451A - Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

PRESENCIAL

Si

Nos rexistros habilitados.

NORMATIVA

- RD 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO SANITARIO (REGASA)

Os establecementos e empresas excluídos da obriga de inscrición no rexistro estarán obrigados a comunicar o inicio da actividade para a inscrición no REGASA (ficha 3.2), salvo para as excepcións establecidas pola normativa que regula este rexistro de ámbito autonómico e que figuran na seguinte ficha:

SA550A - Comunicación de inicio de actividade para a inscrición no Rexistro sanitario galego de empresas e establecementos alimentarios (REGASA)

ÓRGANO RESPONSABLE

Xefatura Territorial - Consellería de Sanidade.

DESCRICIÓN

O Rexistro sanitario galego de empresas e establecementos alimentarios (REGASA) ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses das persoas consumidoras, facilitando o control oficial das empresas e establecementos alimentarios sometidos a inscrición.

O REGASA será complementario do Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, é dicir, incluírá todas aquelas empresas ou establecementos alimentarios que son exceptuados de inscrición no Rexistro sanitario nacional.

Requisitos:

- Que a entidade operadora económica teña sede, domicilio, axencia ou exerza actividade comercial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a actividade que realice consista exclusivamente en manipular, transformar, envasar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega in situ á persoa consumidora final, con ou sen repartimento a domicilio, ou a colectividades, así como cando estes abastezan outros establecementos destas mesmas características e se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción respecto da realizada por aqueles que leve a cabo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán obxecto de asento no REGASA:

- As empresas e establecementos alimentarios que teñan a obriga de estar inscritos no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos, regulado polo Real decreto 191/2011, do 18 de febreiro.
- Os locais ou establecementos de venda ambulante ou non sedentaria. Enténdese por venda ambulante ou non sedentaria, de conformidade co artigo 70.1 da Lei 13/2010, do 17 de setembro, de comercio interior de Galicia, a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.
- Os locais utilizados ocasionalmente para servir comidas.
- As máquinas expendedoras de alimentos.
- Os centros, establecementos e servizos de atención farmacéutica e sanitaria.

DOCUMENTACIÓN

- Formulario normalizado debidamente cuberto (anexo I).
- Xustificante acreditativo do pagamento da taxa de inscrición.
- Copia do documento acreditativo da representación, no caso de actuar mediante esta.
- Documentación complementaria.

OBRIGATORIO

Si

Nos casos descritos.

PRAZOS

Si

Aberto todo o ano.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

SA550A - Comunicación de inicio de actividade para a inscrición no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (REGASA).

Pagamento de la taxa: **Oficina Virtual Tributaria. Tarifas vixentes de taxas.**

PRESENCIAL

Non

Artigo 7 do Decreto 204/2012.

NORMATIVA

- Decreto 173/2019, do 26 de decembro, polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios.
- Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios.
- RD 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

IN617E - Inscripción/Modificación/Baixa na división A do Rexistro industrial de Galicia- Industrias Agrarias

ÓRGANO RESPONSABLE		Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRICIÓN		Con carácter previo ao inicio da actividade as industrias agrarias deben inscribirse neste rexistro.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Formulario normalizado debidamente cuberto.
OBRIGATORIO	Si	Nos casos descritos.
PRAZOS		Aberto todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	IN617E- Inscripción/Modificación/Baixa na división A do Rexistro industrial de Galicia- Industrias Agrarias Pagamento de la taxa: Oficina Virtual Tributaria. Tarifas vixentes de taxas.
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia. • Decreto 37/2015, do 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do rexistro industrial de Galicia. • Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

INSCRICIÓN EN REXISTROS EN FUNCIÓN DA ACTIVIDADE:

En función da actividade alimentaria da que se trate, deberá realizarse a inscrición nos correspondentes rexistros, entre eles, o máis común:

MR360D - Inscripción no Rexistro de embotelladores

Trámites específicos para obter o carácter de artesanal

As iniciativas empresariais que queiran obter o carácter de artesanía alimentaria deberán cumprir unha serie de requisitos e tramitar a súa inscrición no Rexistro de artesanía alimentaria.

Inscrición da empresa no rexistro de artesanía alimentaria

As **empresas artesás alimentarias** que queiran inscribirse no Rexistro de Artesanía Alimentaria deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

a) Os seus procesos de elaboración deberán ser manuais, admitíndose non obstante un certo grao de mecanización en operacións parciais e, en todo caso, deberase orixinar un produto final individualizado. As normas técnicas que se aproben para cada tipo de produto establecerán o grao de mecanización admisible nas operacións parciais.

b) A responsabilidade e a dirección do proceso de produción deberán recaer nunha persoa ou varias persoas artesanais alimentarias, cuxa intervención na execución do traballo será directa e persoal.

c) As empresas artesanais suxeitaranse aos límites de volume de produción dos seus produtos artesanais que se concreten na norma técnica.

REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS PRODUTORAS DE PRODUTOS ARTESANAIS CASEIROS

Os produtos artesanais caseiros son aqueles produtos artesanais obtidos por empresas artesanais alimentarias que utilicen como base fundamental as materias primas procedentes dunha explotación agraria que estea ligada á mesma persoa física ou xurídica que a da empresa artesanal. Só poderán ser producidos e elaborados por explotacións agrarias que, ademais de cumpriren os requisitos establecidos nos artigos 8 e 9 do Decreto 174/2019, do 19 de novembro, polo que se regula a artesanía alimentaria, cumpran os seguintes requisitos específicos.

- As que radiquen en España deberán ter a condición de explotacións agrarias prioritarias, polo que deberán cumprir, cando sexan explotacións familiares ou outras cuxa persoa titular sexa persoa física, os requisitos que se establecen no artigo 4 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias; e, cando sexan explotacións asociativas, os que se establecen no artigo 5 da citada lei. As explotacións radicadas noutros Estados membros deberán cumprir os requisitos de dimensión económica mínima e máxima que se recollen nos ditos artigos para as explotacións cuxo titular é, respectivamente, persoa física ou xurídica.
- A comercialización dos produtos artesanais caseiros realizarase en circuitos curtos, polo que só se permitirá a venda directa pola persoa produtora ou a venda cun único intermediario no mercado local, conforme a definición deste recollida na letra l) do artigo 3 do Decreto 174/2019, do 19 de novembro. Para estes efectos, non se considerarán intermediarias as entidades asociativas de produtoras e produtores, baixo a fórmula xurídica que sexa, constituídas ou que se constitúan para a comercialización en común de produtos artesanais caseiros.
- Identificarán os seus produtos co correspondente distintivo, indicando a súa condición de produto artesán caseiro. Ademais, indicarán na súa etiquetaxe o código de identificación da explotación, o enderezo desta e o nome da persoa titular, sen prexuízo doutras indicacións a que obriegue a normativa xeral vixente.

REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A ELABORACIÓN DE PRODUTOS ARTESÁNS DE MONTAÑA

Os produtos artesanais de montaña son os produtos elaborados por empresas artesanais alimentarias radicadas en zonas cualificadas como "de montaña" de acordo co que establece o artigo 32 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e que utilicen na súa elaboración materias primas procedentes destas zonas.

Para a súa elaboración, as empresas deberán cumprir as especificacións que se establecen nos artigos 1 a 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 665/2014 da Comisión, do 11 de marzo, que completa o Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe ás condicións de uso do termo de calidade facultativo «produto de montaña», sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos establecidos.

MR400B - Inscripción no Rexistro da artesanía alimentaria

ÓRGANO
RESPONSABLE

Consellería de Medio Rural. Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).

DESCRIPCIÓN

As empresas artesanais alimentarias poderán inscribirse no Rexistro de artesanía alimentaria mediante unha declaración responsable.

DOCUMENTACIÓN

- Presentación ante a AGACAL dunha declaración responsable de que cumpre os requisitos manifestando expresamente a través do **anexo III**:
 - a) Que desempeña a súa actividade consonte as condicións técnicas da produción artesanal reguladas no artigo 6 do decreto regulador e de acordo coas normas técnicas en vigor para cada produto ou grupo de produtos.
 - b) Que cumpre os requisitos xerais para poder ser considerada como empresa artesanal alimentaria previstos no artigo 8 do decreto.
 - c) Que non superará os límites de volume de produción dos seus produtos artesanais que se concreten na norma técnica correspondente.
 - d) Que está inscrita no Rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos ou, no caso de que se trate dunha explotación agraria galega produtora de produtos caseiros, no Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos (REGASA). No caso de empresas operadoras doutros Estados da Unión, esta manifestación referirase a aqueles rexistros a que obriguen as autoridades sanitarias do seu país.
 - e) Que figura no Rexistro de explotacións agrarias de Galicia coa condición de explotación prioritaria, no caso de que se trate dunha explotación agraria galega produtora de produtos caseiros.
 - f) Que se compromete formalmente ante a consellería competente en materia de agricultura ao cumprimento das condicións previstas neste decreto e, en particular, ás obrigas reguladas nos artigos 26 e 27 do decreto.
- Ademais, na declaración responsable deberase especificar, de ser o caso:
 - a) Se cumpre os requisitos específicos para ser considerada como unha microempresa artesanal alimentaria, consonte o previsto nas letras g) e h) do artigo 3 do decreto.
 - b) Se cumpre os requisitos específicos para ser considerada como explotación agraria produtora de produtos artesanais caseiros consonte o previsto no artigo 10 do decreto.
 - c) Se cumpre os requisitos específicos para elaborar produtos artesáns de montaña, consonte o previsto no artigo 11 do decreto.
- Aboamento das taxas que se establezan (código 300200. Inscripción en rexistros oficiais).

EFECTOS DA PRESENTACIÓN

A presentación da declaración responsable e o pagamento da taxa habilita desde o momento da dita presentación para o exercicio da actividade como empresa artesanal alimentaria, sen prexuízo das actividades de comprobación, control e inspección que ten atribuída AGACAL.

Malia o anterior, unha vez presentada a declaración responsable, poderá requirirse a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa que inclúa a información relevante sobre os seguintes aspectos:

1.º. Produtos que se pretenden elaborar de xeito artesanal, con indicación das súas características e formas de presentación, así como as cantidades anuais de produción estimada.

2.º. Materias primas que se van empregar, con indicación da súa procedencia e características de calidade, así como información sobre o seu manexo e sobre as cantidades de consumo anual estimadas. Tamén se especificarán as características e as cantidades dos aditivos e coadxuvantes artificiais que, de ser o caso, se vaian empregar. No caso dos produtos que se pretendan comercializar como «produtos artesáns de montaña», as materias primas deben proceder de zonas cualificadas como «de montaña».

3.º. Procesos produtivos que se van empregar, con especificación das operacións que se farán manualmente e as que se mecanizarán e con indicación das características de cada unha das máquinas e equipamentos que se vaian utilizar. Especificaranse tamén os aspectos relacionados coas medidas conducentes a reducir o impacto ambiental (depuración de augas, eliminación de residuos, reciclaxe, etc.).

4.º. Sistemática da rastrexabilidade que se vai implantar para o seguimento e control dos procesos produtivos conforme o que se establece no artigo 26 deste decreto. No caso de que nas mesmas instalacións se elaboren produtos que non vaian ser identificados como artesanais, indicárase o procedemento para garantir que os procesos produtivos se desenvolverán de maneira diferenciada e que non exista risco de confusión.

5.º. Especificación da forma de dirección do proceso de produción, con indicación da persoa ou persoas artesás responsables desta.

6.º. Marca ou marcas comerciais que se van utilizar e bosquejos das etiquetas. No caso de que a empresa comercialice produtos similares sen a cualificación de artesanais, deberá achegarse tamén a información sobre as marcas e etiquetas relativa a eles.

7.º. Especificación das principais canles de venda e da área xeográfica onde se comercializará o produto ou produtos. No caso dos produtos artesanais caseiros, a comercialización deberá ser no mercado local, directamente á persoa consumidora final ou cunha única persoa intermediaria.

b) Plano de situación e planos ou bosquejos cotados da planta dos locais de elaboración, nos cales se recollerá a distribución da maquinaria e equipamentos utilizados.

OBRIGATORIO	Si	É obrigatorio para poder facer uso dos correspondentes distintivos identificadores do carácter artesanal.
PRAZOS		Aberto todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	MR400B - Inscripción no rexistro da artesanía alimentaria.
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria.

Obtención da carta de persoa artesá alimentaria

Como se sinala na ficha anterior, as empresas artesás terán unha ou varias persoas artesás responsables da dirección do proceso de produción.

Para obter a condición de persoa artesá alimentaria e para o exercicio da actividade como tal, establécense os seguintes requisitos e procedemento:

REQUISITOS E PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DA CARTA DE PERSOA ARTESÁ ALIMENTARIA:

As persoas físicas que desexen obter a condición de artesá alimentaria a través da expedición da corresponde carta deberán xustificar un mínimo de tres anos de experiencia acumulada na actividade de elaboración de alimentos correspondente. Esta experiencia deberá ter sido adquirida pola participación directa e persoal en procesos de elaboración do dito produto, aínda que non se exixirá que sexa de forma continuada no tempo.

Esta experiencia poderá reducirse a **un ano se se acredita ter realizado cursos ou outras actividades de formación directamente relacionadas coa materia cunha duración acumulada igual ou superior a 250 horas e validada pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (en diante AGACAL).**

MR400A - Cumprimento das condicións como persoa artesá alimentaria

ÓRGANO RESPONSABLE		Consellería de Medio Rural. Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).
DESCRICIÓN		Declaración responsable do cumprimento das condicións como persoa artesá alimentaria.
DOCUMENTACIÓN		<ul style="list-style-type: none"> • Presentación ante a AGACAL dunha declaración responsable de que cumpre os requisitos a través do anexo II.
EFFECTOS DA PRESENTACIÓN		<p>A presentación da declaración responsable habilita desde o momento da dita presentación para obter a condición de persoa artesá alimentaria e para o exercicio da súa actividade como tal, sen prexuízo das actividades de comprobación, control e inspección que ten atribuída AGACAL.</p> <p>A carta de artesá acredita a condición de persoa artesá alimentaria e expedirase no prazo máximo de 3 meses desde a entrada da declaración responsable. Nela figurará o grupo ou grupos de actividades para as cales a persoa interesada goza da condición de artesá/n alimentario.</p>
OBRIGATORIO	Si	É obrigatorio para obter a condición de persoa artesá alimentaria.
PRAZOS		Aberto todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	MR400A - Cumprimento das condicións como persoa artesá alimentaria.
PRESENCIAL	Si	Nos rexistros establecidos.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> • Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria.

Os procedementos para modificar datos e para darse de baixa no rexistro serían, respectivamente, o **MR400C Modificación das condicións de inscrición no rexistro da artesanía alimentaria** e o **MR400D Baixa no rexistro de artesanía alimentaria**.

3. ARTESANÍA NON ALIMENTARIA

Ademais dos trámites previos e dos trámites municipais establecidos, que deberán ser consultados en cada suposto concreto, dada a heteroxeneidade de actividades que se inclúen dentro da artesanía, recoméndase a inscrición do obradoiro artesanal no correspondente Rexistro de artesanía de Galicia, así como a obtención por parte das persoas artesás da correspondente carta de artesá/n acreditativa da dita condición.

Tanto a inscrición do obradoiro artesanal como, de ser o caso, a obtención da dita carta teñen un carácter voluntario, polo que non é un requisito preciso para o exercicio da actividade, aínda que si para a utilización da marca Artesanía de Galicia. En consecuencia, de querer ter acceso ao uso e ás liñas de promoción, fomento e impulso da marca Artesanía de Galicia, será preciso realizar os ditos trámites.

Para maior información e coñecemento da Artesanía de Galicia non alimentaria recoméndase a visita ao enderezo <https://artesianiadegalicia.xunta.gal/gl>.

OBTENCIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO OBRADOIRO ARTESANAL

Requisitos e procedemento para a obtención e renovación da cualificación de obradoiro artesanal

As iniciativas empresariais que acrediten que o responsable da actividade é unha persoa artesá ou mestra artesá, así como as persoas físicas que estean en posesión da carta de artesá/n e estean dadas de alta no imposto de actividades económicas (IAE) poderán obter a cualificación de obradoiro artesanal presentando a correspondente solicitude á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

A cualificación de obradoiro artesanal será expedido pola Comisión Galega de Artesanía e, unha vez obtida esta, procederase á inscrición no Rexistro xeral de artesanía de Galicia.

IN201B - Obtención/renovación da cualificación como obradoiro artesanal

ÓRGANO RESPONSABLE	Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Servizo de Promoción Comercial e da Artesanía.
DESCRCIÓN	Solicitude para a obtención da cualificación como obradoiro artesanal.
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Solicitude segundo o anexo III.• Copia do DNI/NIE/NIF da persoa xurídica (salvo que se autorice a súa consulta).• Certificado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) (salvo que se autorice a súa consulta).• Relación por categorías das persoas traballadoras do obradoiro, só no caso das persoas xurídicas.• As entidades cooperativas ou asociativas que comercialicen a produción das súas persoas asociadas achegarán, ademais, certificación ou documento acreditativo da súa constitución legal, estatutos e relación de socios/as compoñentes.
PROCEDEMENTO	A carta de artesá/n será expedida pola dirección xeral competente en materia de artesanía, por proposta da Comisión Galega de Artesanía. Prazo de resolución do procedemento: 5 meses.
OBRIGAS TRAS A CUALIFICACIÓN	Os obradoiros de artesáns inscritos no Rexistro xeral de artesanía de Galicia deberán usar na comercialización dos seus produtos o distintivo da marca Artesanía de Galicia segundo as aplicacións previstas. Tamén poderán propoñer aplicacións alternativas nos casos taxados previstos na normativa.
OBRIGATORIO	Si Non é obrigatorio para o exercicio da actividade, pero si para a utilización da marca Artesanía de Galicia.
PAZOS	Aberto todo o ano.
TRÁMITE EN LIÑA	Si IN201B - Obtención/renovación da cualificación como obradoiro artesanal (obrigatorio para as persoas xurídicas).
PRESENCIAL	Si Nos rexistros establecidos.

NORMATIVA

- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.
- Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

Obtención da carta de artesá/n por parte de persoa física

REQUISITOS E PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DA CARTA DE ARTESÁ/N ALIMENTARIO:

As persoas físicas que desexen obter a carta de artesá/n deberán cumprir algunha das condicións seguintes:

- a) Ter superados cursos en centros de ensinanza, que impartan formación de artesanía, cunha asistencia mínima de 500 horas.
- b) Ter traballado nun obradoiro artesanal, debidamente inscrito, baixo a dirección dunha persoa mestra artesá, recoñecida como tal pola consellería competente en materia de artesanía, cunha asistencia mínima de 500 horas.
- c) Exercer unha actividade artesanal que supoña a creación, produción, restauración ou reparación de bens de valor artístico ou popular, así como a prestación de servizos, sempre que estes se presten ou obteñan mediante procesos en que a intervención persoal constitúa un factor predominante e o produto final sexa de factura individualizada e distinta da propiamente industrial.

IN201A - Obtención/renovación da carta de artesá/n

ÓRGANO RESPONSABLE

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Servizo de Promoción Comercial e da Artesanía.

DESCRIPCIÓN

Solicitud para a obtención da carta de artesá/n

DOCUMENTACIÓN

- Solicitud segundo o **anexo I**.
- Copia do DNI/NIE (salvo que se autorice a súa consulta).
- Certificado de residencia da persoa solicitante (salvo que se autorice a súa consulta).
- Certificado ou documento acreditativo dalgún dos requisitos establecidos para a obtención da carta.
- Memoria das actividades profesionais realizadas (máximo 6 folios, engadidas as fotografías). **Modelo de memoria**.

PROCEDIMENTO

A carta de artesá/n será expedida pola dirección xeral competente en materia de artesanía, por proposta da Comisión Galega de Artesanía. Prazo de resolución do procedemento: 5 meses.

OBIGATORIO

Si

Non é obrigatorio para o exercicio da actividade, pero si para a utilización da marca Artesanía de Galicia.

PRAZOS

Aberto todo o ano.

TRÁMITE EN LIÑA Si

IN201A - Obtención/renovación da carta de artesá/n (obrigatorio para as persoas xurídicas).

PRESENCIAL Si

Nos rexistros establecidos.

NORMATIVA

- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.
 - Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.
-

Este documento é redactado, con fins meramente informativos, pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

